

ESTATUTOS
REDE EDUCATIVA DE APOIO LGBTIQ+ DE GALICIA

CAPÍTULO I: DA ASOCIACIÓN EN XERAL

Artigo 1. Denominación e natureza

1.- Ao amparo do artigo 22 da Constitución Española e acolléndose ao disposto na Lei Orgánica de 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do Dereito de Asociación, constitúese esta Asociación sen ánimo de lucro coa denominación de **Rede Educativa de Apoio LGBTIQ+ de Galicia**.

2.- A Rede Educativa de Apoio LGBTIQ+ de Galicia defínese laica, apartidista, independente, feminista transinclusiva, defensora dos principios de Yogyakarta, defensora do ensino público e de carácter horizontal.

3.- Dita Asociación rexerase polos preceptos da citada Lei de Asociacións, polos presentes Estatutos e polo Regulamento de Protección de Datos de Carácter Persoal vixente en cada momento, así como polos acordos validamente adoptados polos seus órganos de goberno, sempre que non sexan contrarios á Lei e/ou Estatutos.

Artigo 2. Personalidade xurídica e capacidade

A asociación ten personalidade xurídica propia e capacidade plena para obrar para o cumprimento dos seus fins, podendo:

1. Desenvolver actividades económicas e prestación de servizos encamiñadas á realización dos seus fins.
2. Adquirir, gravar e allear bens de toda clase e por calquera título, así como realizar actos de disposición e dominio dos mesmos.
3. Realizar contratos de todo xénero.
4. Comparecer ante calquera entidade, organismo ou xurisdición.
5. Exercitar as correspondentes accións e dereitos en toda clase de procedementos.
6. Exercitar toda clase de accións conforme ás Leis vixentes ou aos seus Estatutos.

Os beneficios obtidos pola Asociación, derivados do exercicio das súas actividades e/ou campañas, incluídas as prestacións de servizos, deberán destinarse, exclusivamente, ao cumprimento dos seus fins sen ningún interese lucrativo como Asociación sen ánimo de lucro.

Artigo 3. Domicilio e ámbito de actuación

O domicilio principal e permanente da asociación radicará en Av. García Barbón, 23 - 7º A, 36201 VIGO (Pontevedra), correo electrónico: info@rededucalgbtiq.org

A asociación, en función dos seus fins, exercerá as súas actividades en todo o territorio de Galicia, sendo, por tanto, de ámbito autonómico. Con posibilidade nun futuro de formar parte dunha Rede Educativa de Apoio LGBTIQ+ de ámbito estatal ou internacional.

Artigo 4. Duración

A asociación constitúese por tempo indefinido e só se disolverá, conforme a estes estatutos, pola vontade expresa das persoas asociadas en Asemblea Xeral Extraordinaria ou polas causas previstas na lexislación vixente.

Artigo 5. Lingua

Para unha mellor promoción e normalización do uso da lingua galega, a Rede Educativa de Apoio LGBTIQ+ de Galicia publicará todos os seus documentos (convocatorias, eventos, carteis, revistas,...) na nosa lingua: o galego. Neles terase como referencia a normativa oficial, a da Real Academia Galega da Lingua (RAG) na súa versión mais actualizada, excepto no uso lingüístico do masculino xenérico.

A Rede Educativa de Apoio LGBTIQ+ de Galicia fará uso da linguaxe non sexista e inclusiva.

Artigo 6. Fins

A existencia desta asociación ten como fins:

- Traballar por un sistema educativo plural e diverso, promovendo as condicións coeducativas precisas para que a liberdade e a igualdade de todas as persoas que conforman as comunidades educativas sexan reais e efectivas.
- Garantir a educación que teña como obxectivo o pleno desenvolvemento da personalidade humana no respecto aos principios democráticos de convivencia e aos dereitos e liberdades fundamentais, independentemente da orientación sexual, identidade de xénero ou expresión de xénero.
- Fomentar a visibilidade e defender os dereitos das persoas LGBTIQ+ dentro do marco lexislativo vixente así como do noso propio dereito como docentes á liberdade de cátedra, rexeitando calquera tipo de censura.
- Promover a eliminación de calquera tipo de comportamento LGBTfóbico no sistema educativo, tanto nos centros públicos como concertados e privados, dende a Educación Infantil ata a Universidade, así como en calquera entidade relacionada coa educación.
- Apoiar ás persoas LGBTIQ+ que forman parte das comunidades educativas e que se atopan nunha situación social comprometida pola súa orientación sexual, identidade de xénero ou expresión de xénero, tratando de resolver as súas necesidades específicas.
- Fomentar a visibilidade do profesorado LGBTIQ+ e construír un espazo seguro de apoio, soporte e empoderamento así como poñer todos os medios dispoñibles para a súa protección e defensa en caso de acoso laboral LGBTfóbico en calquera centro ou entidade educativa e na súa contorna.
- Protexer aos menores LGBTIQ+ ou ás familias LGBTIQ+ fronte a situacións de discriminación ou LGBTfobia que poidan xurdir nas comunidades educativas ou na súa contorna.
- Asegurar o cumprimento do “Protocolo Educativo para garantir a igualdade, a non discriminación e a liberdade de identidade de xénero” cara ao alumnado Trans* en todos os

centros educativos de Galicia e traballar para actualizalo e melloralo, dende o dereito de autodeterminación de xénero, atendendo sempre ao ben superior das persoas menores de idade e ao benestar do alumnado maior de idade. Traballar pola creación dun protocolo similar aplicable no sistema universitario de Galicia.

- Erradicar calquera tipo de acoso escolar ou ciberacoso LGBTfóbico impulsando protocolos educativos específicos así como calquera tipo de violencia cara ou entre persoas LGBTIQ+, con especial atención á violencia de xénero, á violencia familiar, á violencia sexual e á violencia intraxénero sufrida polas persoas integrantes das comunidades educativas.

- Fomentar a inclusión da educación sexual integral en todos os niveis do sistema educativo galego. Asegurar unha correcta educación na prevención de ITS e VIH/SIDA no alumnado así como loitar contra a serofobia que puidera sufrir calquera persoa que forme parte do sistema educativo.

- Promover a orientación profesional e inserción laboral do alumnado LGBTIQ+ de Formación Profesional, en empresas igualitarias que cumpran a lexislación vixente en relación coa igualdade de xénero, a orientación sexual e a identidade de xénero.

- Promoción e emprego das novas tecnoloxías da información e dos medios de comunicación como ferramenta de socialización e difusión da realidade, obxectivos, mensaxes e actividades da asociación.

- Constituír un grupo de presión cara ás administracións públicas para garantir o cumprimento da lexislación vixente en materia de diversidade sexual, de identidade de xénero e familiar, así como a súa mellora e ampliación e que inspección educativa controle de xeito efectivo o seu cumprimento en todos os centros educativos.

- Realización de recursos didácticos, materiais docentes, estudos, informes, investigacións, publicacións, comunicacións, etc. que cubran as necesidades educativas e formativas das persoas integrantes das comunidades educativas para o completo e correcto coñecemento e tratamento das diferentes realidades LGBTIQ+.

- Realización de congresos, seminarios, xornadas, proxectos, cursos de Formación do Profesorado, etc., en colaboración cos CFR, co CAFI ou calquera outra entidade organizadora, e cooperando con profesionais, entidades ou asociacións que presten formación na realidade LGBTIQ+ ás persoas integrantes das comunidades educativas.

- Promover o traballo conxunto, a cooperación e a formación no coñecemento da realidade LGBTIQ+ das familias, as ANPAS e as Escolas de Familia.

- Promoción de acordos con profesionais, entidades ou asociacións que presten servizos, asesoramento e formación na realidade LGBTIQ+, baseándose en criterios de calidade e equidade entre todas as opcións dispoñibles.

- Creación, difusión e promoción de distintivos ou selos de calidade que visibilicen o compromiso, a excelencia e o rigor epistemolóxico respecto á formación en dereitos humanos, diversidade e igualdade das persoas LGBTIQ+ de docentes, centros educativos, equipos de traballo, profesionais, entidades ou asociacións.

- Fortalecemento dos vínculos cooperativos entre profesorado, asociacións e colectivos LGBTIQ+ en todo o estado español. Así mesmo, potenciar e fortalecer estes vínculos a través da cooperación internacional con outros países.

- Promover a visibilidade da realidade LGBTIQ+ e a realización de actividades nos centros educativos galegos en datas sinaladas como o Día da Visibilidade Bisexual (23 de setembro), Día da Saída do Armario (11 outubro), Día pola Despatoloxización Trans (21 outubro), Día da Memoria Trans (20 novembro), Día da Eliminación da Violencia contra a Muller (25 novembro), Día da loita contra o VIH/SIDA (1 decembro), Día Internacional contra a Homofobia no Deporte (19 febreiro), Día da Muller (8 de marzo), Día da Visibilidade Trans (31 marzo), Día do Libro de Temática LGTB (1 de abril), Día da Visibilidade Lésbica (26 de abril), Día da Familia (15 maio), Día contra a LGBTfobia (17 de maio) e outras datas que vaian incorporándose.
- Todos aqueles fins non especificados que sexan compatibles cos mencionados anteriormente.

Artigo 7. Actividades

Para o cumprimento dos fins enumerados no artigo anterior, poderanse levar a cabo as seguintes actividades, expostas de xeito exemplificativo e coma *numerus apertus*:

- Organizar, coordinar, participar e promover campañas e actividades de información, sensibilización e concienciación sobre a realidade LGBTIQ+ no eido educativo.
- Organizar, coordinar, impartir, participar e promover cursos de formación dirixidos aos centros educativos, aos equipos directivos, aos departamentos de orientación, ao profesorado, ao alumnado, ás familias, ás ANPAS e á sociedade en xeral en temas relacionados coa educación en igualdade e diversidade sexual, de identidade de xénero, de expresión de xénero e familiar.
- Organizar, coordinar, impartir, participar e promover congresos, concursos, festivais, exposicións ou calquera acto educativo ou cultural en temas relacionados directa ou indirectamente coa realidade LGBTIQ+.
- Organizar, coordinar, participar e promover concentracións, manifestacións ou calquera tipo de acción reivindicativa ou lúdica sobre a realidade LGBTIQ+ no eido educativo.
- Apoiar psicolóxica, social e legalmente ás persoas LGBTIQ+ que forman parte das comunidades educativas, especialmente ao alumnado, ao profesorado e ás familias vítimas de discriminación LGBTfóbica.
- Creación de grupos de proximidade que faciliten o traballo en rede en centros educativos xeograficamente próximos.
- Creación de grupos de traballo que xestionen as comunicacións da rede así como especializados en diversos eidos e niveis educativos: Educación non regrada, Educación Infantil e Primaria, Educación Secundaria e Formación Profesional, Educación Universitaria, etc.
- Organizar, coordinar, participar e promover experiencias convivenciais e encontros de profesorado, de alumnado ou de familias, a fin de espallar as experiencias do traballo desenvolvido nos centros educativos na educación en igualdade e diversidade sexual, de identidade de xénero e familiar, así como o afianzamento e fortalecemento das persoas integrantes da rede.

- Dirixirse ou reclamar ás administracións educativas e públicas, calquera tipo de cuestión relativa á defensa e protección das persoas LGBTIQ+ no eido educativo, familiar, social, etc., para que cumpran a normativa vixente e para mellorar o marco legal que garante os dereitos das persoas LGBTIQ+.
- Difundir a través das novas tecnoloxías da información e dos medios de comunicación información relevante para a comunidade docente e educativa sobre a realidade LGBTIQ+.
- Organizar, coordinar, participar e promover actividades co fin de xerar ingresos da propia asociación.
- Organizar, coordinar, participar e promover actividades con entidades e asociacións locais, provinciais, autonómicas, estatais e internacionais con fins similares aos da nosa asociación, en pro dun interese común.
- Elaboración e edición de materiais formativos, revistas, folletos e calquera outro tipo de publicación para a difusión dos fins e actividades da asociación.
- Calquera outra actividade que sexa compatible para o cumprimento dos fins da asociación.

CAPÍTULO II: DAS PERSOAS ASOCIADAS

Artigo 8. Requisitos

Poderán ser integrantes da asociación todas aquelas persoas físicas maiores de idade, con plena capacidade de obrar, e as persoas xurídicas, tras o acordo da entidade competente, que non teñan débedas pendentes coa asociación e que reúnan os seguintes requisitos:

- Que sexan docentes, tanto de educación regrada como de educación non regrada.
- Que teñan interese no desenvolvemento dos fins da asociación.
- Aceptar os Estatutos e o Regulamento de Réxime Interno da Asociación.

Os acordos de admisión para as persoas docentes de educación non regrada asociadas tomaraos a Xunta Coordinadora, e serán aplicados pola persoa Secretaria unha vez recibida a petición da persoa que desexa ser admitida.

A condición de persoa asociada é intransmisíbel.

Artigo 9. Clases de persoas asociadas

Dentro da Asociación existirán as seguintes clases de persoas asociadas:

- a) Socias/os/es promotores/as, que serán aquelas que participen no acto de constitución da Asociación e que outorgan a acta de constitución.
- b) Socios/as pioneiros/as, que serán aquelas que decidiron crear a Asociación.

c) Socias/os/es de número, que serán as que ingresen despois da constitución da Asociación.

d) Socias/os/es de honra, as que polo seu prestixio ou por contribuír de modo relevante á dignificación e desenvolvemento da Asociación ou dos seus fins, fáganse acreedoras a tal distinción. O nomeamento das socias de honra corresponderá á Asemblea Xeral previa proposta da Xunta Coordinadora.

Artigo 10. Dereitos das persoas asociadas

As persoas asociadas teñen os seguintes dereitos:

- Participar nas actividades, comisións, grupos de traballo e grupos de proximidade da asociación, así como facer uso de calquera servizo que preste ou organice a Rede Educativa de Apoio LGBTIQ+ de Galicia, abonando o prezo fixado nas mesmas, en caso de existir.

- As persoas menores de idade non acompañadas por polo menos unha persoa adulta responsable das mesmas non poderán asistir ás actividades xerais da Asociación fóra de que ditas actividades sexan dirixidas especificamente para menores de idade. Non poderán exercer como representantes do órgano de goberno ata a súa maioría de idade e non terán dereito a voto, a pesar de poder asistir ás Asembleas, se así o considera a mesma e se son debidamente autorizadas polos seus representantes legais por escrito.

- Participar das vantaxes que a asociación conceda ás persoas asociadas.

- Asistir, con dereito a voz e voto, á Asemblea Xeral.

- Elixir e ser elixidas, na forma en que se estableza nos Estatutos e no Regulamento de Réxime Interno, para os órganos de representación da Rede Educativa de Apoio LGBTIQ+ de Galicia.

- Recibir o carné de socio/a/e, se existise, e toda a documentación complementaria e acreditativa da asociación.

- Posuír un exemplar dos Estatutos e do Regulamento de Réxime Interno.

- Ser informadas da composición dos órganos de representación da asociación, do seu estado de contas e do desenvolvemento da súa actividade, sobre todo á Xunta Coordinadora.

- Ser escoitadas con carácter previo á adopción de medidas disciplinarias contra a persoa asociada e ser informada dos feitos que dean lugar a esas medidas, debendo motivarse o acordo que, no seu caso, imponha a sanción.

- Impugnar os acordos dos órganos da asociación que estime contrarios á lei ou aos estatutos.

- Acceso a toda a documentación relacionada nos presentes Estatutos, a través dos órganos de representación, nos termos previstos na Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal ou no seu caso as leis complementarias á mesma que protexan o dereito á intimidade dos seus datos de carácter persoal.

- Figurar no ficheiro de persoas asociadas previsto na lexislación vixente, e facer uso do emblema da Asociación, se o houbese.

Artigo 11. Obrigas das persoas asociadas

Son obrigas das persoas asociadas:

- Compartir as finalidades da asociación, colaborar nas súas tarefas e contribuír a un mellor cumprimento dos seus fins, obxectivos, independencia e bo nome.
- Pagar as cotas, derramas e outras achegas que, conforme aos Estatutos, poidan corresponder a cada socia/o/e.
- Desempeñar os cargos para os que foron elixidas.
- Acatar e cumprir os acordos validamente adoptados polos órganos de representación da asociación.
- Acatar o contido dos Estatutos e do Regulamento de Réxime Interno.
- Conservar e coidar os espazos e bens da asociación, en caso de existir.
- Non actuar en contra dos intereses da Rede Educativa de Apoio LGBTIQ+ de Galicia, así como non prexudicar á súa imaxe pública e prestixio social.

Artigo 12. Perda da condición de persoa asociada

A condición de asociada pérdese:

- Por petición expresa e por escrito dirixida á Xunta Coordinadora.
- Por incumprimento reiterado dalgún dos deberes de asociada, no suposto de falta de pagamento de cotas, entenderase incumprimento reiterado a falta de pagamento de tres cotas.
- Por realización de accións que prexudiquen gravemente os intereses da asociación, previo expediente disciplinario, con audiencia da persoa interesada.
- Cando se infrinxan de forma grave os Estatutos ou o Regulamento de Réxime Interno.
- Cando se comprometan inxustificadamente os fondos económicos ou materiais da asociación.
- Cando deliberadamente a persoa asociada impida ou poña obstáculos ao cumprimento dos fins da asociación.
- Cando intencionadamente obstaculice o funcionamento dos órganos de goberno e representación da asociación.
- Por falecemento da persoa física ou extinción da persoa xurídica.

Artigo 13. Réxime sancionador ou disciplinario

Ningunha persoa asociada a Rede Educativa de Apoio LGBTIQ+ de Galicia poderá ser separada da asociación sen ser instruído previamente un expediente ao respecto acorde ao previsto nestes Estatutos e no Regulamento de Réxime Interno.

Toda persoa asociada terá dereito a ser informada dos feitos que dean lugar a tales medidas, a ser escoitada no expediente instruído e a que a resolución que, no seu caso se dite, sexa motivada.

O expediente disciplinario sancionador será instruído polo/a Secretario/a da Rede Educativa de Apoio LGBTIQ+ de Galicia ou quen elixa a Xunta Coordinadora, e previos os trámites oportunos, que necesariamente deberán incluír unha investigación dos feitos, se lle dará audiencia á persoa asociada e será resolto pola Xunta Coordinadora.

As sancións poden comprender dende a suspensión temporal dos seus dereitos á expulsión.

Se a Xunta Coordinadora propuxese a expulsión, propoñeráa á Asemblea Xeral e para a súa aprobación requirirase unha maioría de dous terzos da Asemblea Xeral e unha resolución suficientemente motivada e previa comparecencia das partes.

Artigo 14. Incompatibilidades

Os cargos elixidos ou designados, entre as persoas asociadas, para a Xunta Coordinadora, terán as seguintes incompatibilidades:

- Ningún ou ningunha integrante da Xunta Coordinadora poderá desempeñar un cargo de representación pública ou orgánica nos órganos de goberno e representación de ningún partido político.
- Ningún ou ningunha integrante da Xunta Coordinadora poderá desempeñar un cargo de representación pública ou orgánica nos órganos de goberno e representación de ningún sindicato.
- Ningún ou ningunha integrante da Xunta Coordinadora poderá desempeñar un cargo de representación pública ou orgánica nos órganos de goberno e representación de ningunha doutra asociación, entidade ou grupo en defensa dos dereitos das persoas LGBTIQ+.

CAPÍTULO III.- DOS ÓRGANOS DA ASOCIACIÓN

Artigo 15. Organización da asociación

Os órganos de goberno e representación serán:

- A Asemblea Xeral
- A Xunta Directiva, denominada Xunta Coordinadora

Serán nulos de pleno dereito os pactos, disposicións estatutarias e acordos que descoñezan calquera dos aspectos do dereito fundamental de asociación.

Artigo 16. Asemblea Xeral

A Asemblea Xeral é o máximo órgano de decisión de Rede Educativa de Apoio LGBTIQ+ de Galicia, integrada por tódalas persoas asociadas por dereito propio e irrenunciable e en

igualdade absoluta, que adopta os seus acordos polo principio maioritario ou de democracia interna.

Tódalas persoas asociadas quedarán suxeitas aos acordos da Asemblea Xeral, incluídas as ausentes, disidentes e aquelas persoas presentes que se abstiveran de votar.

Artigo 17. Reunións: clases e convocatoria

1. A Asemblea Xeral reunirse en:

- Sesións Ordinarias:

A Asemblea Xeral deberá ser convocada en sesión ordinaria, polo menos, unha vez ao ano, dentro dos catro meses seguintes ao peche do exercicio anterior.

- Sesións Extraordinarias:

A Asemblea Xeral reunirse en sesión extraordinaria cando as circunstancias aconsélleno, cando a Xunta Coordinadora o acorde ou cando o solicite por escrito non menos do 10 por cento da totalidade das persoas asociadas. Neste último caso realizarase por medio dun escrito dirixido á Xunta Coordinadora, coas sinaturas das solicitantes, no que se expoña o motivo da convocatoria e a orde do día.

2. As convocatorias das Asembleas Xerais realizaranse por escrito e a través de correo electrónico expresando o lugar, día e hora da reunión, así como a orde do día con expresión concreta dos asuntos para tratar e a Acta da Asemblea anterior co fin de que se aprobe ou non.

A Asemblea Xeral será dirixida e presidida por unha mesa integrada polo/a Presidente/a (Coordinador/a) e o / a Secretario/a que, ademais de redactar a acta da sesión, será a persoa moderadora co fin de velar pola integridade democrática da mesma.

Entre a convocatoria e o día sinalado para a celebración da Asemblea en primeira convocatoria haberán de mediar, polo menos, quince días naturais, podendo así mesmo facerse constar se procedese a data e hora en que se reunirá a Asemblea en segunda convocatoria, sen que entre unha e outra poida mediar un prazo inferior a media hora.

Incluiranse preceptivamente na orde do día os documentos que se vaian a debater ou votar, podendo as persoas asociadas presentar emendas ata tres días antes da celebración da Asemblea Xeral.

Artigo 18. Constitución e quórum de convocatoria

As Asembleas Xerais, tanto ordinarias como extraordinarias, quedarán validamente constituídas en primeira convocatoria cando concorran a ela un terzo das persoas asociadas con dereito a voto, e en segunda convocatoria calquera que sexa o número de asociadas con dereito a voto. Será necesario en todo caso a presenza do/a Presidente/a (Coordinador/a) e do/a Secretario/a, ou das persoas que legalmente lles substitúan.

Artigo 19. Facultades da Asemblea Xeral Ordinaria

Son competencias da Asemblea Xeral Ordinaria:

- a) Aprobar ou rexeitar o plan xeral de actuación e as actividades da Asociación proposta pola Xunta Coordinadora, para cada ano.
- b) O exame e a aprobación das contas anuais e do orzamento do exercicio seguinte.
- c) Aprobar xestión da Xunta Coordinadora.
- d) A aprobación do inventario anual de bens mobles e inmobles.
- e) O acordo de remuneración dos membros do órgano de representación, no seu caso.
- f) A fixación das cotas ordinarias ou extraordinarias, a contía destas e a súa periodicidade, aínda que esta facultade poderá ser delegada pola Asemblea Xeral á Xunta Coordinadora mediante acordo expreso.
- g) Calquera outra que non sexa da competencia exclusiva da Asemblea Extraordinaria.

Artigo 20. Facultades da Asemblea Xeral Extraordinaria

Son competencias da Asemblea Xeral Extraordinaria:

- a) Nomeamento e revogación da Xunta Coordinadora.
- b) Modificación dos Estatutos.
- c) Modificar o Regulamento de Réxime Interno da Asociación.
- d) Autorizar o alleamento, gravame ou hipoteca de bens sociais.
- e) Disolución da Asociación e, no seu caso, nomeamento das persoas liquidadoras.
- f) Ratificar a expulsión de persoas asociadas, a proposta da Xunta Coordinadora.
- g) Os actos de federación ou de confederación con outras asociacións, ou o abandono dalgunha delas.
- h) Solicitud de declaración de utilidade pública.
- i) As que sendo de competencia da Asemblea Xeral Ordinaria, por razóns de urxencia ou necesidade, non poidan agardar á súa convocatoria, sen grave prexuízo para a asociación.
- j) Tódalas non conferidas expresamente á Asemblea Xeral Ordinaria ou á Xunta Coordinadora.

Artigo 21. Adopción de acordos

1. Os acordos adoptados tomaranse por maioría simple das persoas presentes ou representadas cando os votos afirmativos superen aos negativos, non sendo computables para estes efectos os votos en branco nin as abstencións. A continuación, levaranse os acordos ao libro de actas e deberá ser asinado polo/a Presidente/a (Coordinador/a) e o/a Secretario/a. A acta deberá ser

lida na seguinte sesión celebrada pola Asemblea Xeral e aprobada pola maioría das persoas asociadas presentes.

2. Os acordos adoptados conforme aos preceptos anteriores obrigarán a tódalas persoas asociadas, incluso ás non asistentes.

Os acordos que vaian contra estes estatutos ou infrinxan os fins da asociación poderán ser recorridos en reposición diante da Asemblea Xeral. A partir da resolución do recurso de reposición, quedará expedita a vía para recorrer perante a xurisdición ordinaria.

Artigo 22. A Xunta Directiva: Denominación e Composición

1. A Rede Educativa de Apoio LGBTIQ+ de Galicia será administrada, coordinada e representada por unha Xunta Directiva, denominada Xunta Coordinadora e formada por:

- Presidente/a (Coordinador/a)
- Vicecoordinador/a
- Secretario/a
- Tesoureiro/a
- Vogal de Grupos de Proximidade
- Vogal de Grupos de Traballo

2. O desenvolvemento das tarefas correspondentes aos cargos que compoñen a Xunta Coordinadora non será obxecto de remuneración económica, non obstante a Asemblea Xeral poderá establecer, no seu caso, o abono de dietas e gastos debidamente xustificadas derivados da representación da asociación.

3. Só poderán formar parte do devandito órgano de representación:

- Persoas maiores de idade que:
 - estean en pleno uso dos dereitos civís e non estar incursas nos motivos de incompatibilidade establecidos na lexislación vixente.
 - ser designadas na forma prevista nos presentes Estatutos.
 - ser socia da Rede Educativa de Apoio LGBTIQ+ de Galicia.
 - estar ao corrente do pago das cotas de persoas asociadas.

Estes cargos serán designados e revogados pola Asemblea Xeral Extraordinaria.

4. Os cargos da Xunta Coordinadora poderán causar baixa:

- a) Por renuncia voluntaria comunicada por escrito á Xunta Coordinadora.
- b) Por incumprimento das obrigacións que tivesen encomendadas, revogación acordada por Asemblea Xeral.
- c) Por expiración do mandato.
- d) Cesamento na condición de socia ou incursión en causa de incapacidade.

e) Falecemento.

Todas as modificacións na composición deste órgano serán comunicadas ao Rexistro de Asociacións.

A renuncia e a expiración do mandato non dan lugar ao cesamento automático, senón que se deberá facer un traspaso efectivo de poderes coa entrega de documentación e posta ao día da persoa sucesora nun prazo non superior a un mes.

Artigo 23. Elección e duración dos cargos da Xunta Coordinadora

- Os cargos da Xunta Coordinadora, terán unha duración de 4 anos, podendo ser reelixidas as persoas integrantes ao finalizar o seu mandato.
- A elección efectuarase pola Asemblea Xeral Extraordinaria mediante votación.
- A elección dos cargos da Xunta Coordinadora realizarase, na medida do posible, seguindo o principio da paridade de xénero.
- As vacantes que puidesen producirse na Xunta, cubriranse provisionalmente por designación da Xunta Coordinadora, ata a celebración da Asemblea Xeral, que elixirán aos/ás novos/as integrantes ou confirmarán aos/ás designados/as provisionalmente.

Artigo 24. Reunións e acordos

1. A Xunta Coordinadora celebrará sesión cada dous meses ou cando sexa convocada pola persoa Presidenta (Coordinadora), por iniciativa propia ou a pedimento de mais dun terzo dos/das seus/súas integrantes. Ditas sesións serán presididas pola persoa Presidenta (Coordinadora), e na súa ausencia polo/a Vicecoordinador/a ou o/a Tesoureiro/a indistintamente.
2. As sesións poden ser presenciais, indicando na convocatoria lugar, día e hora ou virtuais, utilizando algunha plataforma dixital de comunicación grupal, indicando na convocatoria plataforma, día e hora. Será obrigatorio que as persoas integrantes da Xunta Coordinadora estean dadas de alta ou rexistradas na plataforma dixital utilizada.
3. Para que os acordos da Xunta sexan válidos, deberán ser adoptados por maioría de votos das persoas asistentes, requiríndose a presenza da metade mais unha das integrantes. Tratarase de buscar sempre o consenso.
4. Das sesións o/a Secretario/a levantará acta que se transcribirá ao Libro de Actas correspondente, co visto e prace da persoa Presidenta (Coordinadora).

Artigo 25. Facultades da Xunta Coordinadora

As facultades da Xunta Coordinadora estenderanse, con carácter xeral a todos os actos propios das finalidades da Asociación, sempre que non requiran, segundo estes Estatutos, autorización expresa da Asemblea Xeral.

Son facultades particulares da Xunta Coordinadora:

- a) Coordinar e dirixir as actividades levadas a cabo pola Asociación.
- b) Levar a xestión económica e administrativa da Asociación, acordando realizar os oportunos contratos e actos.
- c) Convocar e fixar a data da Asemblea Xeral.
- d) Executar os acordos da Asemblea Xeral.
- e) Formular e someter á aprobación da Asemblea Xeral os Balances e as Contas anuais.
- f) Xestionar a admisión de novas persoas asociadas.
- g) Designar os grupos de traballo e de proximidade que se estimen oportunos para o bo funcionamento da Asociación.
- h) Calquera outra facultade que non sexa da exclusiva competencia da Asemblea Xeral.
- i) Resolver os procedementos disciplinarios que se instrúan.

Artigo 26. Obrigas documentais

A Asociación ha de dispoñer de:

- Unha relación actualizada das súas persoas asociadas.
- Levar unha contabilidade que permita obter a imaxe fiel do patrimonio, do resultado e da situación financeira da entidade conforme ás normas específicas que lles resulten de aplicación en cada momento.
- Unha memoria das actividades realizadas.
- Un inventario de bens.
- Un libro de actas das reunións dos seus órganos de goberno e representación.

Artigo 27. O/A Presidente/a (Coordinador/a) e o/a Vicecoordinador/a. Competencias.

- A persoa Presidenta (Coordinadora) da Asociación será designada pola Asemblea Xeral entre as persoas asociadas.
- Será asistida nas súas funcións por unha persoa Vicecoordinadora, que a substituirá nos casos de vacante, ausencia ou enfermidade. Tamén poderán actuar indistintamente as dúas, sempre que se favoreza a coordinación e os intereses da asociación.
- Ambos os cargos serán desenvolvidos por persoas docentes de educación regrada e integrantes do colectivo LGBTIQ+.

A persoa que ostenta a presidencia (coordinación) terá as seguintes atribucións:

- a) Ostentar a representación legal da Asociación perante calquera organismo público ou privado.
- b) Convocar, coordinar e levantar as sesións da Xunta Coordinadora e da Asemblea Xeral.

- c) Ordenar os pagamentos por conta de fondos da Asociación, previos aos acordos de gastos correspondentes.
- d) Asinar as actas, certificados, correspondencia e outros documentos da Asociación xunto co/a Secretario/a ou calquera membro da Asemblea Xeral a quen lle corresponda a elaboración do documento de que se trate.
- e) Adoptar calquera medida urxente que a boa marcha da Asociación aconselle ou no desenvolvemento das súas actividades resulte necesaria ou conveniente, informando previamente á Xunta Coordinadora.
- f) Velar polos fins da Asociación e o seu cumprimento.

Artigo 28. O/A Secretario/a. Competencias.

- Este cargo será desenvolvido por unha persoa docente de educación regrada e preferentemente integrante do colectivo LGBTIQ+.

O/A Secretario/a terá a cargo:

a) A dirección dos traballos puramente administrativos da Asociación:

- Tramitar as solicitudes de ingreso na asociación e formalizar as inscricións de altas e baixas das persoas asociadas no ficheiro da asociación.
- Expedirá certificacións coa confirmación do/a Presidente/a (Coordinador/a).
- Levará os libros da Asociación que sexan legalmente establecidos.

b) Custodiará a documentación da entidade, facendo que se cursen as comunicacións sobre a designación de Xuntas Coordinadoras e demais acordos sociais inscribibles aos Rexistros correspondentes.

c) Cumprir coas obrigas documentais nos termos que legalmente correspondan.

- Nos casos de ausencia, vacante ou enfermidade do/a Secretario/a, a Xunta Coordinadora designará entre as persoas integrantes da mesma a unha persoa que desenvolva esta función.

Artigo 29. O/A Tesoureiro/a. Competencias.

- Este cargo será desenvolvido por unha persoa docente de educación regrada e preferentemente integrante do colectivo LGBTIQ+.

Corresponde ao/á Tesoureiro/a a responsabilidade da xestión económico financeira da asociación:

- a) Recadar e custodiar os fondos da Asociación e levar en orde os libros de Contabilidade.
- b) Elaborar as contas anuais para a súa aprobación pola Asemblea.
- c) Preparar os Balances e Orzamentos da Asociación para a súa aprobación pola Asemblea Xeral.

d) Dar cumprimento ás ordes de pago que expida a persoa Presidenta (Coordinadora).

e) Levar inventario de bens, se os houberse.

- Nos casos de ausencia, vacante ou enfermidade do/a Tesoureiro/a, a Xunta Coordinadora designará entre as persoas integrantes da mesma a unha persoa que desenvolva esta función.

Artigo 30. Os/As Vogais. Competencias.

- Estes cargos serán desenvolvidos por persoas docentes de educación regrada ou non regrada e preferentemente integrantes do colectivo LGBTIQ+.

Os/as Vogais terán as seguintes atribucións:

a) Cumprir as obrigacións propias do seu cargo como membros da Xunta Coordinadora.

b) Realizar programas e propostas na súa área de actuación.

c) Substituír o/a Secretario/a e o/a Tesoureiro/a en caso de non poder realizar esta, de maneira puntual, as funcións que se lle encomendan.

d) Desempeñar os traballos que lle sexan encomendados pola Xunta Coordinadora.

Artigo 31. Grupos de Traballo e Grupos de Proximidade.

A creación e constitución de calquera Grupo de Traballo ou Grupo de Proximidade non proposta pola Xunta Coordinadora, exporase por escrito á mesma por parte das persoas asociadas que queiran formalo, quen explicarán as actividades que propoñan desenvolver. A Xunta Coordinadora unicamente poderá negala súa constitución, mediante convocatoria e exposición ás persoas solicitantes.

Para constituír un Grupo de Traballo serán requisitos imprescindibles:

- Un mínimo de dúas persoas.

- Que presenten un proxecto co calendario de actuacións do que se pretende desenvolver.

- Que presenten un proxecto de financiamento en coordinación co/coa Tesoureiro/a.

- Os Grupos de Traballo serán coordinados polo/a Vogal de Grupos de Traballo, que forma parte da Xunta Coordinadora.

Para constituír un Grupo de Proximidade serán requisitos imprescindibles:

- Un mínimo de dez persoas.

- Os Grupos de Proximidade serán coordinados polo/a Vogal de Grupos de Proximidade, que forma parte da Xunta Coordinadora.

CAPÍTULO IV. RÉXIME ECONÓMICO

Artigo 32. Patrimonio inicial

Atendendo á súa natureza, esta Asociación, no momento de iniciar as súas actividades, non ten patrimonio fundacional nin fondo social. O peche do exercicio económico coincidirá co ano natural, e terá lugar o 31 de decembro de cada ano.

Artigo 33. Recursos económicos

Os recursos da Asociación estarán constituídos por.

- Patrocinios e apoios recibidos de particulares, de entidades públicas e privadas ou empresas privadas.
- Os donativos ou achegas que reciba que, en ningún caso, poderán provir de partidos políticos ou sindicatos en orde a manter á súa independencia.
- As herdanzas ou legados que puidese recibir de forma legal por parte das persoas asociadas ou de terceiras persoas afíns á entidade.
- As subvencións, axudas e auxilios que reciba da Administración estatal, rexional, provincial, municipal ou de fondos europeos e/ou internacionais, así como as que sexan concedidas por outras institucións de carácter público ou privado (fundacións, outras asociacións, etc.)
- As cotas ordinarias ou extraordinarias que sexan aprobadas pola Asemblea Xeral, a proposta da Xunta Coordinadora, e non son reintegrables en ningún caso.
- Calquera outro recurso lícito propio das actividades da Asociación (prestación de servizos, cotas de inscrición a obradoiros/seminarios/xornadas/cursos, recadación de huchas, venda de artigos relacionados coa actividade e imaxe da Asociación).
- Calquera outro ingreso admitido pola normativa vixente para actividades non lucrativas.

Artigo 34. Contas anuais

1. Anualmente, con referencia ao último día do exercicio económico, elaboraranse as contas anuais, expresivas da situación patrimonial e contable da asociación, así como unha memoria das actividades realizadas. Esta documentación estará a disposición das persoas asociadas, durante un prazo non inferior a 15 días ao sinalado para a súa aprobación en Asemblea.

2. A Xunta Coordinadora levará os correspondentes libros de contabilidade, que permitan obter unha imaxe fiel do patrimonio, o resultado e a situación financeira da asociación.

CAPÍTULO V. DO REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO

Artigo 35. Regulamento de Réxime Interno

Por acordo da Asemblea Xeral pode aprobarse un regulamento de réxime interno, que desenvolverá aquelas materias non contempladas directamente nestes estatutos.

O funcionamento interno da asociación estará sometido ao ordenamento xurisdiccional civil.

CAPÍTULO VI. DISOLUCIÓN E LIQUIDACIÓN DA ASOCIACIÓN

Artigo 36. Disolución

A Asociación disolverase:

a) Voluntariamente, cando así o acorde a Asemblea Xeral Extraordinaria, convocada para o efecto, por un número de asociados non inferior ao 10%.

O acordo sobre a disolución requirirá maioría cualificada das persoas presentes, que resultará cando os votos afirmativos superen a metade dos asistentes.

b) Polas causas determinadas no artigo 39 do Código Civil.

c) Por sentenza xudicial firme.

Artigo 37. Comisión liquidadora

1. En caso de disolución, nomearase unha comisión liquidadora a cal, unha vez extinguidas as débedas, e se existise sobranse líquido doarase a outra asociación non lucrativa e inscrita na Comunidade Autónoma de Galicia que teña iguais ou similares fins que os desta Asociación.

2. O xustificante da doazón será presentado no Rexistro de Asociacións correspondente para proceder á inscrición da disolución da Asociación.

CAPÍTULO VII. REFORMA DOS ESTATUTOS

Artigo 38. Reforma dos estatutos

As modificacións dos presentes Estatutos será de competencia da Asemblea Xeral Extraordinaria, adoptándose o acordo por maioría cualificada das persoas presentes, que resultará cando os votos afirmativos superen a metade.

As modificacións que se realicen comunicaranse ao Rexistro correspondente.

DISPOSICIÓN ADICIONAL

En todo canto non estea previsto nos presentes Estatutos aplicarase a vixente Lei Orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do Dereito de Asociación, e as Disposicións Complementarias.

En Vigo, a 9 de maio de 2020